



XOVES, 13 DE XULLO DE 2023 | JUEVES, 13 DE JULIO DE 2023 | BOP NÚMERO 133

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VALDOVIÑO

Anuncio adicación exclusiva

ANUNCIO

Corporación 2023-2027. Designación membro da Corporación con adicación exclusiva.

En sesión plenaria de organización da nova Corporación, que se celebrou en data 29 de xuño de 2023, adoptouse acordo adicación exclusiva a membro da Corporación, a proposta da presidencia da Corporación, do seguinte contido:

Designación membro da Corporación con adicación exclusiva.

“De conformidade co disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local segundo redacción dada pola Lei 14/2000, de 29 de decembro, de Medidas Fiscales, Administrativas e do Orden Social, Disposición Adicional nonaxésima da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do estado para o ano 2014, 13 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo cal aprobase o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 225 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Vista a Carta Europea da Autonomía Local, feita en Estrasburgo o 15 de outubro de 1985 e ratificada por España o 20 de xaneiro de 1988 (BOE núm. 47, de 24 de febreiro de 1989). A Carta constitúe un verdaderio Convenio internacional, viacente en España desde o día 1 de marzo de 1989, e polo tanto o seu contido constitúe un elemento interpretativo esencial daquel dereito, na medida en que incida no mesmo. Concretamente, o art. 7 da Carta declara o siguiente:

«7. Condiciones del ejercicio de responsabilidades en el ámbito local.— 1. El Estatuto de los representantes locales debe asegurar el libre ejercicio de su mandato.

2. Debe permitirse la compensación financiera adecuada a los gastos causados con motivo del ejercicio de su mandato, así como si llega el caso, la compensación financiera de los beneficios perdidos o una remuneración del trabajo desempeñado y la cobertura social correspondiente.

3. Las funciones y actividades incompatibles con el mandato del representante local no pueden ser fijadas más que por Ley o por principios jurídicos fundamentales.»

PROPOÑO A ADOPCIÓN DO SEGUÍNTE ACORDO:

PRIMEIRO. Determinar que os cargos de delegacións que se dirán e que así o requiren polo seu volume, responsabilidade e adicación realicen as súas funcións en réxime de adicación exclusiva total, debendo ter unha presenza efectiva mínima no Concello de 37,50 horas semanais polos seguintes motivos:

- Volume de traballo.
- Responsabilidade.
- Necesidade de atención prioritaria

Alcaldía-Presidencia : Don Alberto González Fernández.

SEGUNDO. Establecer a favor do membro da Corporación que desempeñe o seu cargo en réxime de adicación exclusiva as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as doutras correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlle de alta no réxime xeral da Seguridade Social; esta corporación deberá asumir o pagamento das cotas empresariais que corresponda.

— Alcaldía-Presidencia : 52.272,61 €.

TERCEIRO. O presente acordo terá efectos retroactivos dende a data de celebración da sesión constitutiva da Corporación municipal na que se procedeu a elección do Alcalde-Presidente do Concello (dende o 17/06/2023) e de conformidade co disposto no artigo 39.3 da Lei 39/2015.

CUARTO. Publicar de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia o acordo do Pleno, para os efectos do seu xeral coñecemento.

QUINTO. Notificarlle o dito acordo ao interesado e ao Servizo de Persoal e Intervención para o seu coñecemento e para os efectos oportunos».

O que se fai público para xeral coñecemento.

En Valdoviño, a 05 de xullo de 2023.

O alcalde,

Asdo.: Alberto González Fernández

2023/5622